

Folla eucarística

Campaña 59, 2018

**COMPARTE
O QUE IMPORTA**



O día 11 de febreiro de 2018, Campaña 59 de Manos Unidas, propoñemos a celebración da Eucaristía co formulario de oracións en diversas necesidades n.º 40, para pedir a caridade e as lecturas propias do VI Domingo do Tempo Ordinario, ciclo B.

MONICIÓN DE ENTRADA

Neste día, ao celebrar a Campaña 59 de Manos Unidas, co lema «COMPARTE O QUE IMPORTA», queremos seguir plantándolle cara á fame, compartindo propostas, alternativas e iniciativas de cambio que nos permitan, entre todos, avanzar na erradicación da fame no mundo. (Documento base 2018).

Por iso pedimos ao Señor que infunda nos nosos corazóns o don da caridade e suplicamos que nos transforme o Espírito Santo interiormente en persoas novas, en verdadeiros discípulos de Cristo.

Acheguémonos a El, deixemos que a súa palabra, o seu Corpo e Sangue permítannos recoñecer que é o verdadeiramente importante para poder VIVIR e, daquela, poder compartilo cos irmáns.

ORACIÓN COLECTA



Rogámosche, Señor,
que inflames os nosos corazóns co Espírito do teu amor,
para que busquemos sempre o digno
e agradable á túa maxestade
e poidamos amarte sinceramente nos irmáns.
Polo noso Señor Xesús.

MONICIÓN ÁS LECTURAS

A palabra de Deus neste día sitúanos perante o misterio da lepra, esta enfermidade que consideraba ao home impuro e excluído da comunión.

Hoxe, tamén son moitas as persoas afastadas do «campamento» da casa común, deste mundo que nos concedeu o Señor. Novas «lepras» están presentes entre nós: a fame, a pobreza, as inxustizas... xeran unha ofensa á dignidade persoal do ser humano.

Xesús, *sentindo mágoa, estendeu a man e tocouno, e quedou limpo*; non permaneceu indiferente ante este drama, senón que se implicou, facendo posible a vida e sandando ao que pasaba necesidade.

1ª Lectura: Lv 13, 1-2. 44-46: O leproso terá a súa morada fóra do campamento.

Salmo: Sal 31, 1-2.5.11: Ti es o meu refuxio, arrodéasme de cantos de liberación.

2ª Lectura: 1 Co 10, 31-11, 1: Seguíde o meu exemplo, como eu sigo o de Xesús.

Evanxeo: Mc 1, 40-45: A lepra quitóuselle e quedou limpo.

SUXESTIÓNS PARA A HOMILÍA

▲ «Trátase dun leproso: é impuro, vivirá só e terá a súa morada fóra do campamento» (Lv 13, 44.46)

A enfermidade da lepra considerábase contaxiosa e un castigo polo pecado, polo que excluía da comunidade e situaba fóra do campamento.

«Cincuenta anos despois da solemne proclamación da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, moitas persoas aínda están sometidas ás máis degradantes formas de explotación e manipulación, que fan delas verdadeiras escravas dos máis poderosos, de ideoloxías, do poder económico, de sistemas políticos opresores, da tecnoloxía científica ou da invasión dos medios de comunicación social» (S. Xoán Pablo II, *Eclessia in Asia*, 33)

▲ «Compadecido, estendeu a man e tocouno dicindo: Quero, queda limpo» (Mc 1, 41)

Xesús, recoñecendo a verdadeira dignidade do ser humano, non permanece indiferente, senón que compadecido sándao, facendo posible a ledicia da salvación.

«Hoxe, crentes e non crentes estamos de acordo en que a terra é esencialmente unha herdanza común, cuxos froitos deben beneficiar a todos. Para os crentes, isto convértese nunha cuestión de fidelidade ao Creador, porque Deus creou o mundo para todos» (Francisco, *Laudato Si*, 93)

▲ «Procuo contentar en todo a todos, non buscando a miña propia vantaxe, senón a da maioría, para que se salven» (1 Cor 10, 33)

O apóstolo San Pablo sitúanos na certeza de ser irmáns de todos os homes e, por tanto, de non esquecer a sorte dos demais, evitando así o escándalo. O lema deste ano de Manos Unidas, «COMPARTE O QUE IMPORTA», faínos conscientes de que a nosa ledicia e salvación nunca serán de xeito egoísta ou individualista, senón COMPARTINDO o que somos e temos cos demais.

ORACIÓN DOS FIEIS



Despois de escoitar a palabra de Deus e antes de participar no banquete da Eucaristía, dirixamos as nosas peticións ao Señor, pedíndolle que derrame sobre nós e sobre todos os homes e mulleres o seu Espírito de caridade.

● Para que a Igrexa, dócil á ensinanza do Mestre, viva en fidelidade ao mandamento novo de Xesús: «amádevos uns aos outros, como eu os ameí».

Roguemos ao Señor.

● Polos gobernos de todos os pobos, para que promovan leis sociais que defendan sempre, con xustiza e lealdade, os dereitos de toda persoa.

Roguemos ao Señor.

● Para que os pobres, os humildes, os marxinados, os que sofren as novas «lepras» na nosa sociedade, reciban a atención preferente da Igrexa no seu servizo aos máis necesitados.

Roguemos ao Señor.

● Por todos os que fan posible a misión de Manos Unidas, para que a caridade de Cristo brille neles e esténdase a toda a humanidade.

Roguemos ao Señor.

● Para que os que comemos o mesmo pan da vida e chamámonos discípulos de Cristo, demostramos coas nosas obras a fidelidade ás súas ensinanzas e exemplos.

Roguemos ao Señor.

Señor e noso Pai, inflama os nosos corazóns co Espírito do teu amor, para que poidamos amarte nos irmáns, con sinceridade de corazón.

Por Cristo, o noso Señor.

PRESENTACIÓN DE OFRENDAS

Xunto co pan, o viño e a colecta, pode presentarse o cartel da campaña ou o proxecto que vai financiar.

Presentamos a colecta xunto co cartel da Campaña de Manos Unidas, como expresión do noso desexo de compartir cos máis necesitados e facer posible o que verdadeiramente importa: a vida dos fillos de Deus.

Presentámosche, Señor, este pan e este viño, froitos da terra para que sexan transformados en alimentos de vida eterna e para que nos capaciten para seguir comprometidos en transmitir a ledicia do Evanxeo.

ORACIÓN SOBRE AS OFRENDAS



Santifica pola túa bondade, Señor, os nosos dons e, ao aceptar a ofrenda do sacrificio espiritual, concédenos levar o teu amor a todos os homes. Por Cristo, o noso Señor.

ORACIÓN DESPOIS DA COMUÑÓN



Pedímosche, Señor, que enchas coa graza do Espírito Santo a cantos saciaches co único pan do ceo, e que os fortalezas xenerosamente coa dozura dunha caridade perfecta. Por Cristo, o noso Señor.

Día do Xaxún Voluntario:

Venres 9 de febreiro de 2018

Xornada Nacional de Manos Unidas:

Domingo 11 de febreiro de 2018

COMPARTE O QUE IMPORTA



Máis materiais de Formación cristiá en:
manosunidas.org/manoscreyentes